

A auga dos océanos

O mar constitúe a maior parte da hidrosfera (o 97,4 %).
Forma grandes masas de auga salgada (océanos), que cobren o 70% da litosfera, entre as que emerxen os continentes.
Os océanos teñen unha profundidade media de 4.000 metros.

A auga do mar está sempre en movemento impulsada pola forza da gravidade, polo vento e polas diferenzas de temperatura e salinidade.



As ONDAS son movementos ondulatorios producidos polo vento.




Marea baixa

As MAREAS son movementos de subida e baixada do nivel do mar producidas pola forza de atracción da Lúa e do Sol.



Marea alta

As CORRENTES son desprazamentos verticais ou horizontais da auga do mar producidos polas diferenzas de temperatura, salinidade, presión...



As correntes oceánicas distribúen a calor que almacena o mar e inflúen no clima das zonas costeiras.

a auga é vida

5

Adela Leiro
Mon Daporta



Cada litro de auga de mar ten:
-35 gramos de sales minerais (cloruro sódico, fosfatos, nitratos...)
-De 0 a 8,5 mililitros de osíxeno
-Pequenas cantidades de dióxido de carbono e ata cen elementos químicos diferentes.

O cloruro sódico (sal común) é o sal máis abundante no mar.



O mar actúa sobre o medio producindo cambios químicos e acción mecánica que rompe, desgasta e traslada os materiais.
O movemento do mar facilita o intercambio de gases coa atmosfera e a osixenación da auga.